

Javier Lareu Rodiño, Coordinador Xeral do Sector da Administración Autnómica da FSC de CCOO de Galicia, con DNI 35.452.366 M, con domicilio para os efectos de comunicacin, no Edificio Sindical, rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 8-C en San Lázaro (Santiago de Compostela) e enderezo de correo electrónico jlareu@galicia.ccoo.es,

Lino Díaz Goás, Secretario do Sector de Autnómica de UGT Servizos Públicos de Galicia, con domicilio a efectos de notificacin no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, en San Caetano s/n, Local Sindical de UGT, con direccin de correo electrónico sindicato-uxt@xunta.gal, presentamos as seguintes:

**ALEGACIÓNS AO BORRADOR CRITERIOS COMÚNS PARA A
APLICACIÓ DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓ DERIVADO DA LEI
20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A
REDUCIÓ DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO NA
ADMINISTRACIÓ XERAL DA C.A. DE GALICIA E OS SEUS ENTES
INSTRUMENTAIS.**

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reducin da temporalidade no emprego pblico, ten por obxecto situar a taxa de temporalidade estrutural por baixo do 8 por cento no conxunto das Administracións Pblicas espaolas, actuando a reforma en tres dimensins: adopcin de medidas inmediatas para remediar a elevada temporalidade existente, articulacin de medidas eficaces para previr e sancionar o abuso e a fraude na temporalidade a futuro e, por último, potenciacin da adopcin de ferramentas e unha cultura da planificacin para unha mellor xestin dos recursos humanos.

Para iso, e entre outras medidas, prevé que teña lugar un proceso de estabilizacin do emprego temporal nas Administracións Pblicas, mediante a convocatoria en determinados sectores de actividade, en quenda libre, dun número de prazas superior ao resultante da taxa de reposicin.

Ese proceso de estabilizacin estrutúrase en dúas vías principais:

Por unha banda, autorízase un terceiro proceso de estabilizacin de emprego pblico, adicional aos que regularon os artigos 19.Un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 e 19.Un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, que incluírá as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacins de postos de traballo, **cadros de persoal persoais** ou outra forma de organizacin de recursos humanos que estean contempladas nas distintas Administracións Pblicas, e estando dotadas presupostariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.

Doutra banda, con carácter único e excepcional, de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, convocarase, polo sistema de concurso, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

Adicionalmente, os procesos de estabilización contidos na disposición adicional sexta incluírán nas súas convocatorias as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016.

Preséntanse os seguintes criterios comúns de actuación que ~~podan servir~~ **servirán** de guía **para o desenvolvemento dos procesos que se deben implementar:**

1. Finalidade e obxecto dos procesos de estabilización

1.1. Finalidade dos procesos.

Os procesos de estabilización previstos na Lei 20/2021, do 28 de decembro, teñen por obxectivo alcanzar unha temporalidade estrutural non superior ao 8% do total de efectivos, cifra esta que debe permitir cubrir situacións nas que conforme a normativa laboral e de función pública está xustificada a contratación temporal. Estes procesos desenvolveranse de acordo cos seguintes principios orientadores:

(i) Da resolución destes procesos non poderá derivarse incremento de gasto nin de efectivos, debendo ofertarse nestes procesos, necesariamente, prazas de natureza estrutural que se atopen desempeñadas por persoal con vinculación temporal.

(ii) ~~O que debe ser obxecto de cómputo son as prazas, non as persoas. É dicir, se unha praza ou dotación foi ocupada por dúas ou máis interinos distintos nos últimos anos, de forma consecutiva ou con algunha interrupción nos termos antes indicados, iso non é ningún obstáculo para que se compute entre as prazas para convocar. E á inversa, se dous interinos estiveron alternando para cubrir una mesma praza ou dotación, débese computar como unha única praza. Unha praza ou dotación será susceptible de estabilización en tanto que a mesma cumpra os requisitos establecidos na Lei 20/2021, independentemente de que tivese sido ocupada pola mesma ou distintas persoas de forma consecutiva, alternativa, ou con algunha interrupción nos termos indicados no apartado 1.3.).~~

(iii) ~~O cómputo á data de referencia (31/12/2020) dará lugar a unha cifra fixa e invariable que se vai a aplicar ao longo de todo o proceso, sempre teniéndose en conta que debe existir unha dotación orzamentaria para a súa convocatoria, sempre que a praza continuase estando ocupada a 30.12.2021, data da entrada en vigor da Lei 20/2021, do 28 de decembro. A data de 31/12/2020 do art. 2.1 da Lei 20/2021 é a referencia para a determinación do ámbito temporal das prazas a estabilizar, sempre tendo en conta que debe existir unha dotación orzamentaria para a súa convocatoria e, tendo en conta que a dita data non é de aplicación ás prazas a~~

estabilizar derivadas da disposición adicional oitava da Lei, de acordo co disposto no apartado 2.3 destes criterios.

En todo caso, non hai na Lei 20/2021 ningunha obrigatoriedade de que as prazas teñan que estar ocupadas á 30 de decembro de 2021, que é a data de entrada en vigor da mencionada Lei.

(iv) Dado que o resultado do cómputo é unha cifra de taxa de reposición adicional á ordinaria, o que unha praza se compute a este fin non significa que necesariamente dita concreta praza vaia a ser provista como praza de novo ingreso para quen supere o proceso de estabilización, xa que pode haber casos en que ditas prazas cúbranse nun procedemento de mobilidade interna paralelo ao de estabilización, dada a compatibilidade dos distintos sistemas prevista na propia lei.

1.2. Cómputo das prazas obxecto de convocatoria.

Tal como sinala o artigo 2 da Lei, computaranse para o desenvolvemento destes procesos, as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, persoais ou outra forma de organización de recursos humanos e que estando dotadas presupostariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020. Por tanto, o cálculo debe realizarse sobre o total desas prazas nas que no período indicado existise esta ocupación temporal e ininterrompida.

Así mesmo, serán incluídas dentro do citado proceso de estabilización, as prazas afectadas polos procesos de estabilización previstos nos artigos 19.Un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, e 19.Un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, sempre que estivesen incluídas nas correspondentes ofertas de emprego público de estabilización e chegada a data de entrada en vigor da presente Lei, non tiveran sido convocadas ou tivesen quedado desertas tras a resolución dos procesos selectivos nos que foron convocadas. tendo sido convocadas e resoltas, quedasen sen cubrir.

Adicionalmente, de conformidade coa disposición adicional sexta as Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP, polo sistema de concurso, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

A este proceso, de conformidade coa disposición adicional oitava, engadiranse as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016. Trátase neste caso de incluír prazas ocupadas ao 31 de decembro de 2020 por persoal interino de longa duración, isto é cun nomeamento anterior ao 1 de xaneiro de 2016 en praza distinta á ocupada en 2020. O texto tachado non aparece na Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública de 1 de abril de 2022.

Non consta na disposición adicional oitava que as prazas ás que se refire esta disposición adicional teñan que estar ocupadas na data que se indica, en concreto, o 31 de decembro de 2020.

En concreto, a dita disposición adicional oitava, di, literalmente:

“Adicionalmente, los procesos de estabilización contenidos en la disposición adicional sexta incluirán en sus convocatorias las plazas vacantes de naturaleza estructural ocupadas de forma temporal por personal con una relación, de esta naturaleza, anterior al 1 de enero de 2016.”.

Este proceso polo sistema de concurso, dada a súa natureza excepcional realizarase por unha soa vez.

1.3. Concepto de ocupación ininterrompida.

O obxectivo da reforma normativa é evitar un uso abusivo da figuras de emprego temporal para exercer funcións de carácter permanente ou estrutural. É por iso que a taxa adicional que autoriza o artigo 2 refírese ás prazas que “estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020”. Pola súa banda, a disposición adicional sexta refírese ás prazas que estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016, ~~sempre que a praza continuase estando ocupada a 30.12.2021.~~ O texto tachado non aparece na Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública de 1 de abril de 2022.

A disposición adicional sexta, no mesmo sentido que á alegación para o parágrafo anterior, non di nin esixe en ningún caso que as prazas afectadas pola dita norma teñan que continuar ocupadas a 30 de decembro de 2021. De feito, literalmente determina:

“Las Administraciones Públicas convocarán, con carácter excepcional y de acuerdo con lo previsto en el artículo 61.6 y 7 del TREBEP, por el sistema de concurso, aquellas plazas que, reuniendo los requisitos establecidos en el artículo 2.1, hubieran estado ocupadas con carácter temporal de forma ininterrumpida con anterioridad a 1 de enero de 2016.

Estos procesos, que se realizarán por una sola vez, podrán ser objeto de negociación en cada uno de los ámbitos territoriales de la Administración del Estado, Comunidades Autónomas y Entidades Locales y respetarán, en todo caso, los plazos establecidos en esta norma.”

A inclusión da necesidade de que as prazas continúen ocupadas a data de 21 de decembro de 2021, inclúe un requisito adicional non contemplado na lexislación básica de referencia, xa que a única referencia á dita data (31/12/2021) predícase das prazas que o artigo 2.1 considera que deberán convocarse polo procedemento de concurso oposición, e non ao resto das prazas a convocar polo sistema de concurso, xa que a referencia aos requisitos do artigo 2.1 non pode ser interpretado no sentido de engadir un requisito para a inclusión de prazas que non cohonesta co recollido nin na disposición adicional sexta nin na disposición adicional oitava, e polo tanto, debe ser eliminada a dita referencia

Considérase que non supoñen unha interrupción para estes efectos os períodos menores de tempo nos que a praza estivese vacante como consecuencia da necesidade de levar a cabo os trámites administrativos correspondentes, como pode ser o nomeamento dun novo funcionario ou laboral tras o cesamento do anterior.

Nese caso, poderá considerarse ininterrompido aínda cando tivese lugar algún cambio na persoa que ocupa a praza, sempre que volva ocuparse efectivamente nun prazo ~~dun mes de~~ **tres meses ou doutro maior a determinar en función da duración dos trámites administrativos e da resolución dos procedementos de cobertura por parte das Consellerías ou entes instrumentais afectados.**

1.4. Concepto de prazas de natureza estrutural

A taxa adicional que autoriza o artigo 2 e, por extensión, as disposicións adicionais sexta e oitava, incluírá as prazas de natureza estrutural dotadas orzamentariamente.

Enténdese por prazas de natureza estrutural aquelas relativas a funcións recorrentes que se integran na actividade ordinaria e do normal funcionamento da Administración **Xeral da Xunta de Galicia e dos seus entes instrumentais** ~~de que se trate~~, incluíndo por tanto, as prazas ligadas a programas ou actuacións que non gocen de substantividade propia e diferenciada da actividade ordinaria, **con independencia de que ditas prazas estean ou non incorporadas á correspondente RPT.**

1.5. Persoal indefinido non fixo.

Os procesos de estabilización da Lei 20/2021, do 28 de decembro incluírán as prazas ocupadas por persoas que ~~fosen declaradas como~~ **teñan a condición** de persoal indefinido non fixo ~~por sentenza xudicial ao 31 de decembro de 2020, dado que as prazas cumpren coa necesaria natureza temporal, de ocupación ininterrompida e natureza estrutural a que se refiren os apartados anteriores~~ **sempre que as prazas cumpran coa necesaria natureza temporal, de ocupación ininterrompida e carácter estrutural que fixa a Lei.**

A estabilización deste persoal será nas escalas de persoal funcionario ou nas categorías profesionais funcionalmente equivalentes que a normativa convencional de aplicación determine.

~~Tamén deberanse incluír as prazas ocupadas por persoal indefinido non fixo por sentenza xudicial posterior ao 31.12.2020.~~

1.6. Persoal temporal sen posto de referencia.

Nos ámbitos nos que nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020 existise persoal interino ou temporal que non ocupase posto con dotación referenciada, pero cuxa prestación de

servizos responde a necesidades estruturais e exista a cobertura orzamentaria necesaria tamén será computado a efectos deste proceso.

No momento do nomeamento débense asignar postos concretos, xa sexa utilizando vacantes preexistentes, xa sexa dando de alta novos **códigos de** postos.

1.7. Articulación das distintas ofertas de emprego público

A oferta das prazas correspondentes á taxa ordinaria de reposición pode efectuarse de forma separada ou conxunta ás prazas derivadas da taxa adicional de estabilización.

Igualmente, cabe a posibilidade de que as prazas do proceso de estabilización e as de reposición de efectivos articúlense de forma separada ou independente, con diferentes sistemas de valoración.

A articulación das distintas ofertas de emprego público non pode supoñer menoscabo da libre concorrencia no acceso e do cumprimento dos requisitos mínimos que establece o citado artigo.

En todo caso, a Xunta de Galicia asegurará o cumprimento do prazo establecido para a execución dos procesos selectivos mediante a adopción das medidas apropiadas para o desenvolvemento áxil dos procesos selectivos, tales como a redución de prazos, a dixitalización dos procesos ou a acumulación de probas nun mesmo exercicio, redución e simplificación de temarios naqueles procesos desenvolto polo sistema de concurso oposición, entre outras.

1.8. Contabilización do obxectivo de taxa de temporalidade estrutural.

O obxectivo da reforma é situar a taxa de temporalidade estrutural por baixo do 8 por cento no conxunto das Administracións Públicas españolas, non obstante, o acordo de concertación do emprego público de Galicia, publicado por Orde do 15.01.2019 (DOG núm. 19 do 28.01.2019) da Consellería de Facenda fixa un obxectivo do 7%.

Este obxectivo, tal e como indica a norma, é para o conxunto das Administracións Públicas, de maneira que cada unha deberá tender á máxima redución da temporalidade estrutural que o seu funcionamento permítalle de modo que en conxunto lógrese non superar esa taxa.

Por temporalidade estrutural enténdese as prazas temporais correspondentes á modalidade prevista polo artigo 10.1.a) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP), así como na modalidade correspondente do Estatuto dos Traballadores para o persoal laboral.

2. Características das prazas para computar

2.1. Non incremento de gasto público.

O artigo 2.5 da Lei 20/2021, do 28 de decembro establece que “da resolución destes procesos non poderá derivarse, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos, debendo ofertarse nestes procesos, necesariamente, prazas de natureza estrutural que se atopen desempeñadas por persoal con vinculación temporal”.

Por iso, non poderán ser obxecto de oferta aquelas prazas que teñan reserva de posto a un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, tanto nos casos nos que exista reserva nese posto, como nos casos en que o nomeamento do persoal interino ou contratación do persoal temporal obedeza á substitución de persoal funcionario de carreira en situacións administrativas nas que exista reserva de posto de similares características.

2.2. Prazas a tempo parcial e prazas con carácter discontinuo

As prazas a tempo parcial que estean cubertas de forma temporal nos termos previstos na normativa vixente, poderanse cubrir igualmente no proceso de estabilización neste mesmo formato. No marco de dita normativa, mediante negociación colectiva, que leve a cabo no ámbito que corresponda, concretaranse as especialidades dos procesos de estabilización destas prazas.

Nos casos de prazas de carácter discontinuo non se terá en conta o tempo no que o traballador/a teña o contrato suspendido aos efectos de determinar a ocupación ininterrompida da praza.

2.3. Prazas que incluír no proceso da disposición adicional sexta, en virtude da disposición adicional oitava.

A disposición adicional oitava establece unha categoría de prazas que engadir ás que se inclúen no proceso de estabilización por concurso de méritos da disposición adicional sexta. Así, neste proceso incluíranse “as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016”.

Como se dixo no apartado 2.1., a expresa referencia ao carácter vacante das prazas que realiza a disposición interprétase no sentido de que estas prazas adicionais que poden incorporarse ao proceso previsto pola disposición adicional sexta non poderán quedar directa ou subsidiariamente reservadas a persoal funcionario de carreira, debido a que iso supoñería o incremento de gasto público, principio que é predicable de todos os procesos de estabilización que leven a cabo ao abrigo da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Neste caso, estas prazas vacantes de natureza estrutural son aquelas ocupadas de forma temporal por persoal temporal de longa duración cunha relación de servizos desta natureza anterior ao 1 de xaneiro de 2016, aínda que se teñan sucedido diversos nomeamentos ou contratos temporais ao longo do tempo na mesma administración, estabilizándose a última

~~praza ocupada. cuxa ocupación por persoal temporal identifícase ao 31 de decembro de 2020 cunha relación de servizos anterior ao 1 de xaneiro de 2016, aínda cando se sucederon diversos nomeamentos ao longo do tempo, e continuasen vacantes a 30.12.2021.~~

~~A disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, non recolle que as prazas a incluír en virtude do seu tenor teñan que estar ocupadas a 31 de decembro de 2020 nin indica data algunha para que continúen vacantes, entendendo como vacante, toda aquela praza que non teña titular.~~

A análise da concorrencia deste suposto deberá realizarse e xustificarse caso por caso.

3. Requisitos do proceso selectivo

3.1. Requisitos temporais.

Do mesmo xeito que para calquera outra convocatoria de acceso ao emprego público, as prazas que se pretendan convocar para o desenvolvemento deste proceso deberanse incluír nunha oferta de emprego público ~~ou instrumento de ordenación similar~~, aprobada polo órgano competente para iso en cada Administración Pública, e que será a que debe en cada caso autorizar a convocatoria dos procesos selectivos.

~~En todo caso para os entes instrumentais catalogados no artigo 45 da LOFAXGA, as convocatorias serán obxecto de publicación a través de ordes das Consellerías das que dependen os citados entes.~~

O prazo límite para a aprobación e publicación das ofertas de emprego público correspondentes é o **1 de xuño de 2022**.

A publicación das convocatorias ~~des de todos os procesos selectivos previstos na Lei 20/2021~~ para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse en **todo caso antes do 31 de decembro de 2022**.

A resolución ~~destes de todos~~ procesos selectivos previstos na Lei 20/2021 deberá finalizar en **todo caso antes do 31 de decembro de 2024**.

~~Na medida en que a xestión dos procesos derivados da aplicación das disposicións sexta, sétima e oitava o permita, os mesmos procurarase sexan realizados na súa integridade no ano 2023.~~

3.2. Prohibición de convocatorias restrinxidas.

As prazas para cubrir no proceso de estabilización deben ser ofertadas dando cumprimento aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade derivado dos anteriores.

Por iso, en ningún caso cabe que se aprobe unha oferta de emprego público ou que se convoque un proceso que restrinja a participación no mesmo unicamente a aqueles que estivesen ~~estivesen~~ **estean** ou estivesen ocupando previamente esas prazas, nin a calquera outro requisito que supoña unha diminución da posibilidade de que outras persoas poidan acceder nos mesmos procedementos que se convoquen, pois así o prevén o artigo 23 da Constitución Española, e as normas básicas da Función Pública.

3.3. Esixencia de titulación académica.

Nas convocatorias de prazas en proceso de estabilización é de aplicación a normativa sobre titulación académica esixida para acceder aos distintos corpos de funcionarios, en función do seu subgrupo de pertenza, ou ás distintas categorías profesionais.

O desempeñar ou desempeñar previamente a praza convocada non exime deste requisito, salvo aqueles supostos en que a normativa convencional para o persoal laboral aplicable ao ámbito estableza a posibilidade de acceder con outras titulacións académicas ou profesionais similares ou equivalentes. ~~ao ámbito permita opoñer excepción esta esixencia.~~

A introdución desta previsión podería servir para dar unha solución ao persoal que ven ocupando as prazas obxecto de estabilización onde cambiou o requisito de titulación esixido para o ingreso na escala ou categoría de que se trate (debe aplicarse para persoal funcionario e laboral)

3.4. Sistemas selectivos a utilizar.

Debe terse en conta tanto o contido do artigo 61 do TREBEP como a doutrina do Tribunal Constitucional que progresivamente se foi configurando en procesos selectivos. En función da mesma, considérase que deben aplicarse os seguintes criterios:

3.4.1. Procesos derivados do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

O sistema selectivo será o de concurso-oposición, cunha valoración na fase de concurso dun corenta por cento da puntuación total, na que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate, os exercicios serán eliminatorios.

Nas bases das convocatorias determinarase a nota de corte necesaria para superar cada un dos exercicios da fase de oposición.

No caso de que exista normativa específica que precise o sistema selectivo, aplicarase a mesma.

Non resulta procedente que ante unha mesma situación e, salvo que exista algún elemento obxectivo que xustifique unha diferenza de trato, utilídense procedementos distintos.

(i) Fase de oposición.

A fase de oposición valorarase co 60% da puntuación total.

Sendo que os exercicios serán eliminatorios, as preguntas das probas tipo test non respondidas correctamente, non descontarán da nota final acadada no exercicio.

O número de aprobados na fase de oposición será o das persoas que superasen a mesma, aínda cando esta cifra exceda do número total de prazas a cubrir.

(ii) Fase de concurso.

A fase de concurso terá unha valoración dun 40% da puntuación total, na que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría u equivalente de que se trate.

Os puntos obtidos en fase de concurso non se poden utilizar para superar a fase de oposición.

Na fase de concurso poderá valorarse servizos prestados á Administración, pero tamén outro tipo de méritos profesionais ou académicos.

Os criterios de baremación serán obxecto de negociación coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos.

3.4.2. Procesos derivados da disposición adicional sexta e oitava.

O sistema será o de concurso de valoración de méritos (de acordo cos artigos 61.6 e 61.7 do TRLEBEP) e consistirán na valoración, polo menos, dos méritos previstos no apartado 3.4.1.

En todo caso haberase de cumprir co establecido no apartado 3.2., relativo á prohibición de que os procesos sexan restrinxidos. Iso implica que nin formal nin materialmente supoñan a imposibilidade real de que persoas distintas de quen veña ocupando os postos preséntense ás mesmas e, en caso de ter a puntuación necesaria, poidan obter a praza.

Os criterios de baremación serán obxecto de negociación coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos.

As convocatorias desenvolvidas ao abeiro deste sistema selectivo excepcional poderán esixir o cumprimento doutros requisitos específicos, como probas psicotécnicas ou físicas, que garden relación directa e obxectiva coas funcións e tarefas a desempeñar, sendo de aplicación nas ditas convocatorias os requisitos xerais e específicos de acceso ao emprego público do ámbito de que se trate e que veñan establecidos na normativa básica autonómica ou sectorial na materia.

Entendemos que entre estes requisitos atópase acreditar o coñecemento do idioma galego, e polo tanto, e tendo en conta que os procesos derivados da aplicación da Lei 20/2021, do 28

de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, son procesos selectivos para o acceso a postos da Administración da Xunta de Galicia, é necesario que se deixe clara a necesidade de acreditar o coñecemento da lingua galega, ben por medio da presentación de certificado acreditativo de estar en posesión do CELGA correspondente ou establecendo a realización dunha proba que acredite o coñecemento da lingua galega coma en calquera proceso selectivo de acceso á función pública de Galicia ou mesmo para o desempeño de postos con carácter temporal.

Neste sentido cómpre lembrar a literalidade do artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que no seu parágrafo segundo establece que

“(...) para dar cumprimento a normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de Galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega”.

Subsidiariamente, de non poderse implementar a opción anterior, solicitamos que o coñecemento do idioma galego se valore cunha puntuación adicional fóra do apartado de formación, sendo, en todo caso, requisito indispensable.

3.5. Aplicación das quendas específicas das ~~quendas~~ de persoas con discapacidade.

Enténdese que no caso dos procesos de disposicións adicionais sexta, sétima e oitava da Lei, ao tratarse de procesos por concurso como proceso excepcional, por unha soa vez, a convocatoria das prazas realizarase con carácter xeral para igual valoración dos méritos obxectivos fixados no apartado 3.4.2 para todas as persoas aspirantes.

Porén, no proceso de estabilización ao abeiro do artigo 2.1 da Lei, é de aplicación a normativa básica que establece que nas ofertas de emprego público reservárase unha cota de prazas para persoas con discapacidade, sempre condicionado á compatibilidade co desenvolvemento das tarefas, polo que pode haber supostos nos que non exista esta quenda.

~~Do mesmo xeito que en calquera outro procedemento, é de aplicación a normativa que estableza o que unha parte das prazas incluídas en cada convocatoria deban incluírse nunha quenda para persoas con discapacidade, sempre condicionado a que os participantes deben ter capacidade funcional para o desempeño das prazas, polo que pode haber supostos nos que non exista esta quenda. De existir e quedar vacante algunhas das prazas convocadas nesta quenda, debe terse en conta que a seguinte ou seguintes ofertas de emprego público poderán volver aprobarse unha nova convocatoria na que se poderá incluír o número de prazas que se considere oportuno, polo que nada impide que as que quedaron vacantes volvan ser convocadas.~~

~~No caso dos procesos da disposición adicional sexta e oitava, ao tratarse de procesos por concurso como proceso excepcional, por unha soa vez, a convocatoria das mesmas realizarase con carácter xeral, con igual valoración dos méritos obxectivos fixados no apartado 3.4.2 para todos os candidatos.~~

3.6. Posible ofrecemento previo das prazas en concurso, orde de prelación das prazas ofertadas, elección de prazas entre as persoas que superen o proceso.

A normativa básica non obriga a ofertar previamente a concurso de traslados as prazas que se oferten a novo ingreso, polo que neste caso tampouco é obrigatorio.

Dado que a Lei 20/2021, do 28 de decembro establece que poden convocarse no proceso de estabilización determinado número de prazas pero non obriga a que a estabilización teña lugar nas devanditas prazas concretas, non existen obstáculos para ofertar en concurso de traslados a quen xa sexan funcionarios de carreira, ou laborais fixos, previamente á adxudicación das vacantes da convocatoria de estabilización, as prazas ocupadas de forma temporal, ou as que se cren a fin de desenvolver este proceso e ofertar no proceso de estabilización as resultas xeradas no devandito proceso. Todo iso sempre que se poidan levar a cabo dentro dos límites temporais a que se refire o apartado 3.1.

A toma de posesión de ambos procesos, o de selección e o de provisión, será efectuada de xeito coordinado co fin de evitar cesamentos de persoal de vinculación temporal ou interina.

En calquera caso a praza ocupada de forma interina ou temporal debe ser ofertada para a súa toma de posesión con carácter definitivo por persoal funcionario de carreira. Lémbrese que o que se estabiliza son as prazas e a súa cobertura, non as persoas.

No caso de que existan varias prazas ocupadas de forma temporal ou interina e non todas elas vaian ser obxecto de ofrecemento no proceso de estabilización, ou o vaian a ser en convocatorias distintas, ofertaranse as prazas ocupadas polo persoal de maior a menor antigüidade na Administración.

En canto ás prazas a ofertar as persoas aspirantes que superen estes procesos serán as que resulten logo da toma de posesión con destino definitivo por persoal funcionario de carreira e logo da resolución do concurso de traslados.

3.7. Comunicación ao traballador temporal ou funcionario interino de que a praza vai ser obxecto de convocatoria.

Considérase que debe informarse ao traballador de que a praza que desempeñaba vai ser ofertada e de que pode no seu caso participar na convocatoria, sendo suficiente unha comunicación realizada no Diario Oficial de Galicia. **Aclaración: podemos deducir deste parágrafo que se publicarán no DOG os códigos dos postos incluídos en cada convocatoria,**

entendendo deste xeito que se da por realizada a comunicación?, E que sucede con aquelas prazas sen código de referencia, como se prevé a súa publicación?

En todo caso, propoñemos o seguinte para dar maior seguridade xurídica:

A comunicación realizada no Diario Oficial de Galicia ao respecto das prazas concretas a ofertar deberá estar dispoñible no PORTAX dos empregado públicos e ser obxecto da correspondente difusión por medio do correo corporativo da Xunta de Galicia

3.8. Identificación na convocatoria das prazas para ofertar

Do mesmo xeito que en calquera outro proceso selectivo, pode haber supostos en que a convocatoria só fai referencia ao acceso a un Corpo ou Escala de funcionarios ou categoría laboral, quedando para o momento posterior á súa finalización o ofrecemento de prazas concretas ou pode haber supostos nos que na convocatoria se identifiquen as prazas concretas.

Con todo, na convocatoria debe facerse referencia a que a mesma corresponde xa sexa ao proceso de estabilización previsto no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, ou na disposicións adicionais sexta, sétima e oitava da Lei.

3.9 Orde de prelación para seren ofertadas entre as prazas ocupadas de forma interina ou temporal

No suposto de que existan varias prazas ocupadas de forma temporal ou interina e non todas elas vaian ser obxecto de ofrecemento no proceso de estabilización ou vaian ser ofrecidas en convocatorias distintas, corresponde á Administración da Xunta de Galicia, a través da negociación colectiva, determinar o criterio en función do cal se vaia ofertar unha ou outra.

3.10 Elección de prazas entre os aspirantes que superen o proceso

Se a convocatoria só prevía o acceso a un corpo ou escala de persoal funcionario ou categoría laboral, a finalización do proceso irá seguida do ofrecemento das prazas cubertas de forma temporal ou interina ou das resultas xeradas pola cobertura das mesmas nun concurso de traslados previo, entre as cales elixirán as persoas aspirantes seleccionadas en función da puntuación obtida no proceso. Agás que exista unha normativa específica que estableza outra cousa, non cabe restrinxir a elección de praza ou reservar algunhas das mesmas ás persoas aspirantes que viñan cubrindo esas mesmas prazas de forma temporal ou interina.

3.11 Toma de posesión da praza e cesamento do persoal temporal ou funcionario interino.

Unha vez finalizado o procedemento e formalizados os nomeamentos do novo persoal funcionario de carreira ou os contratos de traballo do persoal fixo (ou se xa viñesen prestando

servizos na administración, a novación dos seus contratos de traballo), procederá a toma de posesión da praza, o cal suporá o cesamento da persoa que, no seu caso, viñese desempeñando dita praza de forma temporal ou interina.

Non obstante, polas características do proceso é posible que esta persoa puidese resultar adxudicataria doutra praza, o que fai aconsellable que se articule previamente que estes cesamentos e tomas de posesión teñan lugar de forma coordinada.

Dado que a vinculación do interino ou do temporal é exclusivamente coa praza desempeñada debe procederse ao cesamento, sen prexuízo da posibilidade de que aquelas persoas que non superen o proceso selectivo poidan ser incluídas **nas listas do Decreto 37/2006 en bolsas de persoal funcionario interino ou de persoal laboral temporal específicas ou a súa integración en bolsas xa existentes, nos termos previstos pola disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, posibilidade non predicable dos procesos de estabilización derivados da disposición adicional sexta e oitava da lei. Idéntica posibilidade terá aquel persoal que non supere os procesos desenvoltos a través das disposicións adicionais sexta, sétima e oitava, en virtude do establecido na Disposición Adicional 4ª da Lei 20/2021, que non diferencia entre estabilización por concurso ou por concurso-oposición aos efectos de percibir a correspondente compensación económica en caso de non superar o proceso selectivo de estabilización.**

Se a persoa contratada con carácter temporal ~~o contratado temporal~~ non obtivo praza no proceso, lémbrese que o seu cesamento debe ir precedido dun prazo previo de aviso.

No caso do persoal que preste servizos de forma estacional ou de tempada, o cesamento producirase comunicándolle a extinción da súa relación de servizos coa Administración.

Coa toma de posesión perfecciónase o nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, polo tanto, é obrigatorio levar a cabo unha toma de posesión efectiva. **Esta obrigatoriedade farase constar nas bases das convocatorias.**

3.12 Criterios de desempate

Os procesos selectivos establecerán regras de desempate de acordo co establecido pola normativa que sexa de aplicación ao ámbito correspondente.

4. Negociación do desenvolvemento dos procesos selectivos

Dado que o ámbito de persoal afectado inclúe ao persoal laboral e ao persoal funcionario da Administración da Xunta de Galicia, estes criterios serán negociados no seo da Mesa Xeral de Empregados Públicos. **Os entes instrumentais que deben proceder á convocatoria de procesos negociarán de conformidade con estes criterios nas correspondentes mesas coas Organizacións Sindicais.**

5. Compensación económica derivada da non superación dos procesos de estabilización

Corresponderá unha compensación económica, equivalente a vinte días de retribucións fixas por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano, ata un máximo de doce mensualidades, para o persoal funcionario interino ou o persoal laboral temporal que, estando en activo como tal, vise finalizada a súa relación coa Administración pola non superación dos procesos selectivos de estabilización contidos na Lei.

No caso do persoal laboral temporal, dita compensación consistirá na diferenza entre o máximo de vinte días do seu salario fixo por ano de servizo, cun máximo de doce mensualidades, e a indemnización que lle correspondese percibir pola extinción do seu contrato, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano. No caso de que a citada indemnización for recoñecida en vía xudicial, procederase á compensación de cantidades.

~~A percepción da dita compensación determinará a suspensión de chamamentos nas listas de contratación temporal de acordo co establecido no establecido ao abeiro do Decreto 37/2006, do 2 de marzo~~

Solicitamos a supresión deste parágrafo xa que limita un dereito que non está limitado na normativa básica estatal. Subsidiariamente, que se acepte a alegación en vermello do parágrafo anterior que ademais se aclaren os seguintes extremos:

A suspensión é indefinida no tempo e para sempre? Por canto tempo?

A suspensión será en todas as listas nas que estea inscrito o/a aspirante, ou só na lista correspondente á escala ou categoría na que se xerou o dereito a compensación económica?

No caso de que a citada indemnización for recoñecida en vía xudicial, procederase á compensación de cantidades.

A non participación do candidato ou candidata, no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso.

6. Aplicación ao sector público


En aplicación da DA 7ª da Lei 20/2021, polo que o previsto na mesma é de aplicación ás “sociedades mercantís públicas, entidades públicas empresariais, fundacións do sector público e consorcios do sector público, sen prexuízo da adecuación, no seu caso, á súa normativa específica”, os presentes criterios adaptaranse en igual sentido por estas para unha efectiva aplicación nas ditas organizacións do previsto na Lei, podendo coordinarse coas súas Administracións de referencia.

SOLICITAMOS:

Que se teñan en conta as alegacións formuladas no corpo deste escrito nas futuras negociacións a realizar co obxecto de acadar un **BORRADOR CRITERIOS COMÚNS PARA A APLICACIÓN DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DERIVADO DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO**, co máximo consenso posible.

Santiago de Compostela 21 abril de 2022

Javier Lareu Rodiño



Coordinador Xeral Sector
Autonómica CCOO de Galicia

Lino Díaz Goás



Secretario Sector Autonómico
UGT Servizos Públicos de Galicia

Lenda:

- Vermello: alegación de CCOO e UGT
- Azul: Redacción dada pola Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública do 1 de abril de 2022 sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público
- Tachado: supresións ao texto proposto pola Administración

DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo Xunta de Galicia, San Caetano, S/N. Santiago de Compostela.